

PALABRAS DE MANUEL BALTAR, PRESIDENTE DO GOBERNO PROVINCIAL DE OURENSE, NA APERTURA DA EXPOSICIÓN GALICIA, DE NÓS A NÓS

Ourense, 18 de febreiro 2021

Autoridades presentes

Amigas e amigos

Esta mostra, organizada agora polo Goberno Provincial e que xa se puido ver en Santiago de Compostela, grazas á Xunta de Galicia no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura, chega hoxe a Ourense, exactamente cen anos e cento once días despois da aparición, nesta mesma cidade, do primeiro número da revista Nós, “Boletín Mensual da Cultura Galega, Órgao da Sociedade Galega de Publicacións NÓS”.

E así, en palabras do escritor e xornalista da Mezquita, Felipe Fernández Armesto, “Ourense foi naqueles anos (...) como a crisálida dunha Galicia nova e universal, título do traballo de Ana Acuña Trabazo no catálogo, comisaria desta exposición xunto con Afonso Vázquez-Monxardín Fernández. O meu agradecemento a ambos e dous por este importante exercicio de investigación e interpretación da nosa memoria.

Precisamente, quixérame referir neste acto de recuperación e posta en valor da memoria, a un dos ourensáns que non só participou na revista, na que figura como redactor, senón que foi o seu promotor na sombra, Antonio Losada Diéguez, o xenio de Moldes; esquecido mentor de Nós, en xusta definición do seu biógrafo, o historiador Justo Beramendi.

Calquera que siga as pegadas de Losada Diéguez, nado no pazo da Chousa de Moldes, Boborás, en 1884, sinalado herdeiro de avoengo fidalgo ourensán, tanto por parte de nai coma de pai, reparará que foi evoluíndo, no seu pensamento e acción política, desde o carlismo xaimista ó agrarismo social-católico, e do rexionalismo ao galeguismo das Irmandades da Fala.

El é o activista cultural e político que chega a Ourense, en 1915, para desenvolverse como catedrático de Psicoloxía, Lóxica, Ética e Rudimentos de Dereito no Instituto de Segundo Ensino e que axiña pasa a relacionarse con toda a intelectualidade local, desde o vedraio Marcelo Macías ata o grupo de mozos *snoobs*, exóticos e dilectantes, que facían La Centuria.

Mais será en 1917 cando Losada Diéguez dea o paso definitivo cara ás Irmandades, orientando na mesma liña a Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo e Arturo Noguerol. O grupo ourensán que, tres anos despois, inicie, xunto con Castelao, na concepción artística, e Cabanillas, o poeta, a renovación total, unha nova idea de Galicia. Un camino que Losada só transitará, iso si, con plena e absoluta convicción, ata 1929, cando morre con apenas corenta e seis anos.

A semente estaba botada e logo agromarían os froitos: O Seminario de Estudos Galegos, continuador de Nós, que acolleu á seguinte xeración de creadores e investigadores e o movemento político da década dos 30, nomeadamente o Partido Galeguista e a batalla polo Estatuto de Autonomía, a ilusión e o fervor afogado en sangue polos sublevados o dezaioito de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo da República.

Prevaleceu Nós, a marca da nosa personalidade diferencial, as arelas de Losada Diéguez, o seu pensamento expresado cunha paráfrase de Rabindranath Tagore na *Grande Revue*: “Se Galiza fixese deixamento do seu propio ser, da alma e do cerne da nosa

terra, na Europa e no mundo produciríase un baleiro, unha eiva fatal pró desenrolo e perfeccionamento da humanidade.”

Por iso, non podemos consentir a desmemoria. Resulta penoso o desleixo dalgúns na conmemoración do centenario da revista Nós, non valen as escusas. Lembrar, rememorar, resulta útil, axúdanos a resolver problemas, a acertar nas actuáis encrucilladas.

por esta mostra que é moito máis ca un compendio de datos, acontecementos e materiais expositivos. *Galicia, de NÓS a nós* condúcenos á reflexión, válenos de exemplo, trasmítenos conciencia e responsabilidade.

Seguiremos atendendo á chamada da Xeración NÓS ó longo deste 2021. Farémolo desde Ourense, coa firmeza e a convicción daquelas Primeiras Verbas; *pra ledicia de todos e pra ensino de moitos...*

SAÚDE E TERRA!!!

